



PREGUNTA ORAL SOBRE A SUPERVISIÓN DE INFORMES E DOCUMENTOS POR PARTE DO SERVIZO MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das funcións que teñen atribuídas as Corporacións Locais en Galicia ten que ver coa normalización do uso do galego e a súa correcta utilización en todos os ámbitos. Unha función que lle recoñece a lexislación galega e, en particular, a Lei de Normalización Lingüística, vixente en Galicia desde hai máis de 34 anos.

Para contribuír a un mellor cumprimento dese fin, unha gran parte das administracións públicas galegas contan con servizos específicos integrados no seu cadro de persoal que se encargan de asesorar e supervisar os documentos oficiais que emanan dos distintos departamentos para que, ademais de facelos máis comprensible e axustados á norma, sexan exemplo dun uso apropiado e correcto do idioma.

No Concello de Santiago, en máis dunha ocasión e nos últimos meses, temos constatado que en determinados escritos, informes, contratos ou documentos de diverso tipo se deslizan formas de dubidosa corrección ou termos confusos, cando non erros lingüísticos manifestos, en relación co uso do idioma de Galicia, razón pola que formulamos a seguinte pregunta:

É consciente o Goberno local dos desaxustes lingüísticos que se veñen dando en informes e diversos textos municipais e cal é o motivo polo que non se procede a darlle traslado ao departamento de Normalización Lingüística destes documentos para garantir a súa corrección e a súa adecuación á normativa oficial do idioma de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

María Corral López
Concelleira do Grupo Popular